

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Anuncio de exposición ao público da aprobación inicial do Regulamento da Escola Infantil Municipal

Edicto de exposición pública da modificación do Regulamento de funcionamento e organización da Escola Infantil Municipal do Concello de Bergondo

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2019, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de funcionamento e organización da Escola Infantil Municipal do Concello de Bergondo, expediente 2019/G014/000003.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo na secretaría do Concello e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas. Expoñerase tamén na páxina web municipal www.bergondo.gal e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/tablon/>.

De conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo plenario inicial entenderase definitivo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose á publicación íntegra do Regulamento á que fai referencia o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Bergondo, 9 de marzo de 2020

A alcaldesa.

Alejandra Pérez Máquez

2020/1946